

***Proxecto de Decreto\_\_\_\_\_/2024, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2024 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de Creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.***

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da oferta de emprego público, que aprobarán os órganos de goberno das administracións públicas e que, como instrumento de xestión da provisión das necesidades de persoal, poderá conter, ademais, medidas derivadas da planificación de recursos humanos, tal e como se dispón no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O artigo 12 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dispón que durante este ano só se poderá proceder á incorporación de novo persoal no sector público con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

De acordo co disposto no artigo 20.un da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público levarase a cabo a través da oferta de emprego público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

Neste mesmo artigo 20.Dous establécese unha taxa de reposición de efectivos do 120 por cento nos sectores prioritarios e do 110 por cento nos demais sectores; no punto 3) concrétanse os sectores que teñen a condición de prioritarios para os efectos da taxa de reposición.

En consecuencia, resultando necesaria a incorporación de persoal sanitario funcionario de novo ingreso, cómpre aprobar a oferta de emprego público para o ano 2024, relativa ao persoal sanitario funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

Para o cómputo de prazas tívose en consideración a aplicación da porcentaxe do 110 por cento de taxa de reposición prevista no artigo 20.Dous.a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, para sectores non prioritarios.

Como novidade respecto a anteriores decretos de oferta de emprego, inclúese unha disposición adicional segunda que posibilita cubrir prazas adicionais nas convocatorias que se diten na súa execución, coa finalidade de reducir a temporalidade e consonte o previsto na disposición adicional décimo oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recentemente engadida polo artigo 7. trece da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, logo de negociación na Mesa Xeral de Empregados Públicos e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día de decembro de dous mil vinte e catro,

## DISPOÑO:

### Artigo 1. *Aprobación da oferta de emprego público*

Apróbase a oferta de emprego público do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, para o ano 2024, nas clases de inspector/a médico/a, ATS/DUE, licenciado/a en farmacia, e licenciado/a en psicoloxía.

### Artigo 2. *Cuantificación da oferta de emprego público*

1. O número total de prazas que integran esta oferta ascende a un total de 15 prazas.
2. A distribución do número de prazas ofertadas en cada clase detállase no anexo deste decreto.

### Artigo 3. *Sistema e órganos de selección*

1. O sistema selectivo para a provisión das prazas que figuran neste decreto será o de concurso-oposición.
2. A composición dos órganos de selección será paritaria para o conxunto da oferta de emprego público, de acordo co disposto no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3. De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, e non se poderá ter esta en representación ou por conta de ningún.

4. O persoal de elección ou designación política, as/os funcionarias/os interinas/os e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

5. Os órganos de selección aplicarán os principios de austeridade e axilidade na ordenación do desenvolvemento dos procesos selectivos, sen prexuízo do cumprimento dos demais principios de actuación establecidos pola normativa de selección e as instrucións sobre funcionamento e actuación dos tribunais que dite ao efecto o órgano competente.

#### Artigo 4. *Promoción interna*

1. O número de prazas reservadas á quenda de promoción interna deberá respectar a porcentaxe mínima e demais requisitos establecidos no artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e concretarase, para cada clase, na respectiva resolución de convocatoria.

2. As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

#### Artigo 5. *Persoas con discapacidade*

1. Nos procesos selectivos para o ingreso nas clases de persoal sanitario funcionario serán admitidas as persoas con discapacidade nos termos previstos neste artigo e demais normativa aplicable.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas e/ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. De conformidade co establecido no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do total de prazas que se ofertan reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento para seren cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade, e da súa inclusión social, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. A reserva de prazas de discapacidade efectuarase sobre o cómputo total das vacantes incluídas nesta oferta de emprego público, e farase efectiva segundo a distribución que se recolle no anexo.

4. As prazas reservadas para persoas con discapacidade poderán convocarse conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes.

5. A opción a prazas reservadas a discapacidade terá que formularse na solicitude de participación no proceso selectivo, con declaración expresa das persoas interesadas de reunir a condición exixida ao respecto, a cal se acreditará mediante certificación dos órganos competentes na forma e prazos que se determinen en cada convocatoria.

6. No desenvolvemento das probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo e de medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, para asegurar que estas persoas participen en condicións de igualdade. Nas convocatorias indicárase expresamente esta posibilidade, así como que as persoas interesadas deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación.

Para tal efecto, os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes.

7. No suposto de que algunha das persoas aspirantes con discapacidade que se tivese presentado pola cota de reserva superase o proceso selectivo e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso xeral, aquela será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

8. As persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo pola cota de prazas reservadas a persoas con discapacidade poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditadas. O órgano convocante decidirá a devandita alteración cando estea debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

#### Artigo 6. *Acreditación do coñecemento da lingua galega*

1. Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego e garantir o dereito das/os usuarias/os dos distintos servizos sanitarios da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ao seu uso, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se convoquen en desenvolvemento desta oferta incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

2. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter deste exame así como a valoración de dita proba e da equivalente acreditación do coñecemento da lingua galega.

Disposición adicional primeira. *Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración Pública*

As convocatorias adaptaranse ás previsións da Lei 7/2023, do 30 de novembro, en relación coas condicións de emprego da Administración Pública e demais normativa de aplicación en materia de igualdade.

Disposición adicional segunda. *Prazas adicionais*

Coa finalidade de reducir a temporalidade, as convocatorias que se realicen en execución deste decreto poderán incluír, ademais das prazas autorizadas no mesmo, un número de prazas adicionais para cubrir futuras vacantes derivadas de xubilacións a cargo das ofertas de emprego público dos anos 2025 e 2026, consonte o previsto na disposición adicional décimo oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Facúltase á persoa titular da Consellería competente en materia de Sanidade para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

Antonio Gómez Caamaño  
Conselleiro de Sanidade

### Anexo - Relación de prazas ofertadas

<b>CORPO</b>	<b>ESCALA</b>	<b>CLASE</b>	<b>PRAZAS OFERTADAS</b>	<b>RESERVA DISCAPACIDADE</b>
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	INSPECTORES/AS MÉDICOS/AS	5	
FACULTATIVO DE GRAO MEDIO	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	ATS/DUE	4	1
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN FARMACIA	4	
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA	2	1

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO DECRETO\_\_\_\_\_/2024, DO\_\_\_\_ POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024 DO PERSOAL SANITARIO FUNCIONARIO AO SERVIZO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA INCLUÍDO NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DA LEI 17/1989, DO 23 DE OUTUBRO.**

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da oferta de emprego público, que se aprobará polos órganos de goberno das administracións públicas e que, como instrumento de xestión da provisión das necesidades de persoal poderá conter ademais medidas derivadas da planificación de recursos humanos, tal e como así se dispón no artigo 70 *do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

O artigo 12 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dispón que durante este ano só se poderá proceder á incorporación de novo persoal no sector público con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

De acordo co disposto no artigo 20.un da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público levarase a cabo a través da oferta de emprego público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

Neste mesmo artigo 20.Dous establécense unha taxa de reposición de efectivos do 120 por cento nos sectores prioritarios e do 110 por cento nos demais sectores; no punto 3) concrépanse os sectores que teñen a condición de prioritarios para os efectos da taxa de reposición.



En consecuencia, resultando necesaria a incorporación de persoal sanitario funcionario de novo ingreso, e de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 9/2023, do 28 de decembro e o artigo 20. Un. 1) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, cómpre a aprobación da oferta de emprego público para o ano 2024 relativa ao persoal sanitario funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de Creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

Para o cómputo de prazas tívose en consideración a aplicación da porcentaxe do 110 por cento de taxa de reposición prevista no artigo 20. Dous. a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, para sectores non prioritarios.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital  
A directora xeral de Recursos Humanos

María del Mar Pousa Cobas





**MEMORIA ECONÓMICA DO DECRETO\_\_\_\_/2024, DO\_\_\_\_POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024 DO PERSOAL SANITARIO FUNCIONARIO AO SERVIZO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA INCLUÍDO NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DA LEI 17/1989, DO 23 DE OUTUBRO.**

De conformidade coas previsións contidas na *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, en orde á convocatoria de procedementos de selección de persoal que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso, procede convocar a oferta de emprego público para o ano 2024, do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Para o cómputo de prazas tívose en consideración a aplicación da taxa do 110 por cento de reposición de efectivos prevista no *artigo 20. Dous. a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023*.

O número de prazas que se inclúen por clase detállase no anexo do Decreto de oferta. Desde o punto de vista orzamentario, este decreto non implica incremento de custo dado que todas as prazas que se inclúen nesta oferta son prazas xa dotadas en orzamentos.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora xeral de Recursos Humanos

María del Mar Pousa Cobas



Asunto: Informe sobre o cálculo da taxa de reposición  
Decreto OPE 2024 Persoal Funcionario Lei 17/1989

Co obxecto da súa incorporación ao expediente de tramitación da oferta de emprego público da Consellería de Sanidade para o ano 2024 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, os datos que serviron de base para determinar, en aplicación da taxa de reposición de efectivos fixada na lexislación orzamentaria, o número máximo de prazas de nova incorporación a incluír no Decreto de oferta de emprego público para o ano 2024, son os seguintes:

**Primeiro.-** O persoal funcionario de carreira da escala de saúde pública e administración sanitaria que deixou de prestar servizos no exercicio orzamentario do 2023 ascendeu a un total de 14 profesionais, sendo o motivo das vacantes as xubilacións dos/das profesionais.

**Segundo.-** No mesmo período de 2023 non se incorporou á Consellería de Sanidade, en virtude de reingreso provisional, ningún/ningunha profesional con vínculo fixo.

**Terceiro.-** Á vista dos datos anteriormente expostos e certificados pola Vicesecretaría xeral, o número máximo de prazas de persoal de novo ingreso a incluír no Decreto de oferta de emprego público para o ano 2024, resultado de aplicar a taxa de reposición do 110 por cento prevista no artigo 20. Dous. a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, é de 15 prazas.

**Cuarto.-** En consecuencia, no Decreto de oferta de emprego público para o ano 2024, autorízase a convocatoria dun total de 15 prazas, en aplicación desta taxa de reposición, que se desagregan por clase, segundo se recolle a continuación:



CORPO	ESCALA	CLASE	PRAZAS OFERTADAS
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	INSPECTORES/AS MÉDICOS/AS	5
FACULTATIVO DE GRAO MEDIO	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	ATS/DUE	4
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN FARMACIA	4
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA	2

**Quinto.-** Os procesos selectivos que se deriven da execución do correspondente Decreto de oferta articularanse, en cada clase, a través dunha convocatoria única que incluíra os distintos sistemas de acceso: acceso libre, promoción interna e discapacidade.

Dentro do total de prazas ofertadas reservarase nas respectivas convocatorias, de conformidade coa previsión contida no artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, un mínimo do 25% para a súa cobertura polo sistema de promoción interna.

De conformidade coa previsión contida no artigo 80 da Lei citada e no artigo 4 do proxecto de Decreto de oferta de emprego público para o ano 2024, as prazas reservadas para promoción interna que non se cubran por esta quenda, acumularanse ás de provisión libre.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora xeral de Recursos Humanos

María del Mar Pousa Cobas

